



CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

ACTA 2025-5

PRIMEIRA CONVOCATORIA

PLENO ORDINARIO

5 de Xuño de 2025

Lugar

SALON DE PLENOS DO CONCELLO

Hora de Inicio

10:01

Hora de Finalización

10:36

Presidente: VICENTE GÓMEZ GARCÍA
Secretario: SANTIAGO DE LORENZO TABOADA
Interventor: .

MEMBROS ASISTENTES

CRISTINA GOMEZ DOBARRIO
DANIEL DE DIOS MANSO
EMILIO FERNANDEZ PARADA
LUCIA GIL CID
MARIA CARMEN MANSO RODRIGUEZ
MARIA DEL MAR VALLE ALVAREZ

Pola Presidencia declarase aberta a sesión e, en relación cos asuntos previstos na orde do día da mesma, adoptáronse os seguintes

ACORDOS:

1º. TOMA DE POSESION COMO CONCEJALA DE DÑA. CRISTINA GOMEZ DOBARRIO.

Seguidamente, comparece ante a Presidencia Dona. **Cristina Gómez Dobario**, proclamada concelleira pola lista de candidatos do Partido dos Socialistas de Galicia **PSOE (PSdeG-PSOE)** pola Xunta Electoral Central e que formulou as respectivas declaracións para o rexistro de intereses e de posibles causas de incompatibilidade.

O Secretario formula á concelleira proclamada a seguinte **pregunta**: ¿Xurades ou prometedes pola vosa conciencia e honra cumprir fielmente coas obrigas do cargo de concelleira deste concello con lealdade a El-Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado?.

Dona Cristina Gómez Dobarrío respostou: "**Sí, prometo**".

Tralo que Dona Cristina Gómez Dobarrío pasou a formar parte da Corporación municipal como concelleira da mesma.

Toma a palabra o Sr. Alcalde para dar a benvida a nova concelleira da Corporación; decindo que non sabe moi ben se darlle a noraboa ou a "noramala", xa que -dí- felicíataa por pasar a formar parte da corporación para traballar con todos os seus membros; pero lamenta por todo o que vai ter que pasar por ser concelleira dun pequeno concello, o que non llo desexa a naide da súa familia, neste caso.





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

Acto seguido, os asistentes aplaudiron.

2º. APROBACION, SE PROCEDE DA ACTA DA SESION DO 23.05.2025 (ACTA 4/2025)

A acta apróbase por unanimidade dos concellerios asistentes á sesión de referencia. Coa abstención do Sr. De Dios Manso, que non asistíu; e da Sra. Gómez Dobarrio, que non formaba parte da Corporación.

3º. DAR CONTA DOS ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DESDE A SESION EXTRAORDINARIA DO PLENO DO 13.03.2025.

A seguir, fíxose entrega aos concelleiros das convocatorias das Xuntas de Goberno Local celebradas dende a sesión **extraordinaria** do Pleno de data **13 de marzo de 2025**, de acordo có seguinte:

ACTA 2025-5 Xunta de Goberno Local do 17 de marzo de 2025:

- 1º. Aprobación, se procede, da acta da sesión do 24.02.2025 (**ACTA 2025/4**)
- 2º. Orde do 5 de marzo de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións para o fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL) e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 (TR351G)
- 3º. Presentación do proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais correspondente ao ano 2025. Solicitud de financiamento á consellería competente.

ACTA 2025-6 Xunta de Goberno Local do 28 de marzo de 2025:

- 1º. Aprobación, se procede, da acta da sesión do 17.03.2025 (**ACTA 2025/5**)
- 2º. Proxecto da obra chamada "Reposición de pavimento en rúas de Veiga de Nostre", acordos que procedan.
- 3º. Convenio entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a FEGAMP para o programa galego de vixilancia e control fronte a vespa asiática (vespa velutina) no ano 2025. Acordos que procedan.

ACTA 2025-7 Xunta de Goberno Local do 9 de abril de 2025:

- 1º. Aprobación, se procede, da acta da sesión do 28.03.2025 (**ACTA 2025/6**)
- 2º. Orde do 05.03.2025 da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes pola que se establecen os criterios e o procedemento para a distribución do Fondo Adicional ao Fondo de Cooperación Local destinado aos concellos de Galicia con poboación inferior aos 15.0000 habitantes, para o ano 2025 (PR486B)
- 3º. Certificación núm. 1, liquidación da obra "Mellora de camiño San Antón, en Nocedo do Val", do Plan de mellora de camiños municipais 2024-2025 (Plan Marco MR701E)
- 4º. Aprobación da conta xustificativa do programa de gasto corrente e amortización de débeda do Plan Provincial de cooperación as obras e servizos municipais 2025. Medida "Retribucións de persoal".
- 5º. Compromiso de permanencia do Concello de Castrelo do Val no servizo que presta a biblioteca móbil de Galicia.

ACTA 2025-8 Xunta de Goberno Local do 23 de abril de 2025:





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

- 1º. Aprobación, se procede, da acta da sesión do 09.04.2025 (**ACTA 2025/7**)
- 2º. Resolución do 28 de marzo de 2025 de Augas de Galicia, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para a execución de actuacións para reducir as infiltracións nas redes de saneamento municipais, en 2025 (AU300D)
- 3º. Recurso de reposición de Dna. Julia ***** L.C contra acordo da Xunta de Goberno Local de data 31/12/2024 sobre condonación de débedas coa facenda co Concello de Castrelo do Val.

ACTA 2025-9 Xunta de Goberno Local do **30 de abril de 2025:**

- 1º. Aprobación, se procede, da acta da sesión do 23.04.2025 (**ACTA 2025/8**)
- 2º. Certificación núm. 2, liquidación da obra "Pavimentación Rúa Os Espereiros, en Gondulfes, obra do Plan Cooperou 2025.
- 3º. Estudo da rede viaria municipal redactado ao abeiro da Resolución de 19.02.2023 do AGADER polo que se aproba o Plan Marco de mellora de camiños Rurais 2024-25 (EXPTE:PM24-0142)

ACTA 2025-10 Xunta de Goberno Local do **23 de maio de 2025:**

- 1º. Aprobación, se procede, da acta da sesión do 30.04.2025 (**ACTA 2025/9**)
- 2º. Aprobación dos padróns cobratorios do primeiro cadrimestre do 2025: da taxa de abastecemento domiciliario de auga e do canon da auga da Xunta de Galicia.
- 3º. Aprobación do padrón do Imposto sobre Bens linmables (IBI) de natureza urbana do exercicio 2025.
- 4º. Aprobación do padrón do Imposto sobre Bens linmables (IBI) de natureza rústica do exercicio 2025.
- 5º. Aprobación do padrón do Imposto sobre Bens linmables (IBI) de características especiais (BICES) do exercicio 2025.
- 6º. Aprobación do padrón do Imposto de vehículos de tracción mecánica (IVTM) do exercicio 2025.
- 7º. Convocatoria pola Deputación Provincial de Ourense do Programa de Cooperación Benourense para o cofinanciamento do programa SAF básico municipal para o exercicio 2025.
- 8º. Aprobación de memoria e solicitude de actuación á Asociación MONTEVAL, GDR 9 do LEADER. cofinanciada polo FEADER no marco do plan estratéxico da PAC 2023-2027 (PEPAC) para o ano 2025 (MT701L)
- 9º. Colaboración do Concello coa viaxe de estudos dos alumnos de 6º de Primaria do CEIP Raúl Fernández
- 10º. Traslado de alumnos do CEIP Raúl Fernández de Castrelo do Val.

Os presentes quedan enterados.

4º. DAR CONTA DAS RESOLUCIONS DA ALCALDIA, DESDE A SESION EXTRAORDINARIA DO PLENO DO 13.03.2025.

Acto seguido, fíxose entrega dunha relación certificada das resolucións da Alcaldía dictadas dende a derradeira da que se díu conta na sesión **extraordinaria** do Pleno do **13 de marzo de 2025**, de acordo có seguinte:





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

30. ENGANCHE AUGA - CARLOS MONTERO ZORRILLA, de data 10/03/2025.
31. APROBACION PAGO FACTURAS, de data 12/03/2025.
32. ADXUDICACIÓN CONTRATO MENOR CAMIÑO SAN ANTON EN NOCEDO DO VAL, de data 13/03/2025.
33. APROBACIÓN PLAN ACCIÓN INTEGRADO "FUTURO VERDE DO ALTO TÁMEGA", de data 14/03/2025.
34. ALTA PADRÓN DE HABITANTES, de data 14/03/2025.
35. ALTA PADRÓN DE HABITANTES, de data 24/03/2025.
36. APROBACION BASES SELECCIÓN PEÓN CONDUCTOR TRACTOR ROZADOIRA 2025, de data 25/03/2025.
37. APROBACION PAGO FACTURAS O.E. RODEIRA DA COTA, de data 26/03/2025.
38. APROBACION PAGO NÓMINAS MES DE MARZO, de data 31/03/2025.
39. ALTA PADRÓN HABITANTES, de data 31/03/2025.
40. APROBACIÓN EXPEDIENTE E INVITACIÓNS PAVIMENTACIÓN OS ESPEREIROS, de data 01/04/2025.
41. APROBACION PAGO NÓMINAS MES DE MARZO O.E. RODEIRA DA COTA, de data 01/04/2025.
42. APROBACION PAGO DIETAS MES DE MARZO O.E. RODEIRA DA COTA, de data 01/04/2025.
43. ADXUDICACIÓN CONTRATO MENOR PAVIMENTACIÓN OS ESPEREIROS, de data 02/04/2025.
44. APROBACION PAGO FACTURAS MES DE MARZO O.E. RODEIRA DA COTA, de data 02/04/2025.
45. ALTA PADRÓN DE HABITANTES, de data 04/04/2025.
46. ALTA PADRÓN DE HABITANTES, de data 04/04/2025.
47. APROBACION PAGO FACTURAS, de data 07/04/2025.
48. ALTA PADRÓN DE HABITANTES, de data 08/04/2025.
49. ALTA PADRÓN DE HABITANTES, de data 09/04/2025.
50. ALTA PADRÓN DE HABITANTES, de data 09/04/2025.
51. ALTA PADRÓN DE HABITANTES, de data 11/04/2025.
52. ALTA PADRÓN DE HABITANTES, de data 11/04/2025.
53. APROBACION TARXETA ESTACIONAMENTO MINUSVALÍA LUIS VAZQUEZ BLANCO, de data 16/04/2025.
54. APROBACIÓN BASES SELECCIÓN PEON SERVICIOS XERAIS E DE LIMPEZA , de data 22/04/2025.
55. ENGANCHE AUGA - SONIA GARCIA PRIETO, de dat 24/04/2025.
56. ALTA PADRÓN DE HABITANTES, de data 24/04/2025.





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

57. APROBACION EXPEDIENTE E INVITACIONES SINALIZACION RUTA DOS CARBOEIROS, de data 25/04/2025.
58. APROBACION PAGO FACTURAS, de data 25/04/2025.
59. APROBACIÓN PAGO NÓMINAS MES DE ABRIL, de data 29/04/2025.
60. APROBACIÓN PAGO FACTURAS, de data 29/04/2025.
61. APROBACION PAGO FACTURAS OBRAS O.E. RODEIRA DA COTA, de data 29/04/2025.
62. APROBACION FACTURAS MES DE ABRIL O.E. RODEIRA DA COTA, de data 02/05/2025.
63. APROBACIÓN PAGO DIETAS MES DE ABRIL O.E. RODEIRA DA COTA, de data 02/05/2025.
64. APROBACION PAGO NÓMINAS MES DE ABRIL O.E. RODEIRA DA COTA, de data 02/05/2025.
65. APROBACIÓN PAGO FACTURAS, de data 02/05/2025.
66. ALTA PADRÓN DE HABITANTES, de data 05/05/2025.
67. ALTA PADRÓN DE HABITANTES, de data 05/05/2025.
68. ADXUDICACION CONTRATO MENOR SINALIZACION RUTA DOS CARBOEIROS, de data 06/05/2025.
69. ALTA PADRÓN DE HABITANTES, de data 09/05/2025.
70. ENGANCHE AUGA ANTONIO ALVAREZ PEREZ, de data 12/05/2025.
71. ALTA PADRÓN DE HABITANTES, de data 12/05/2025.
72. ALTA PADRÓN DE HABITANTES, de data 14/05/2025.
73. APROBACION PAGO FACTURAS, de data 14/05/2025.
74. ALTA PADRÓN DE HABITANTES, de data 16/05/2025.
75. ALTA PADRÓN DE HABITANTES, de data 16/05/2025.
76. APROBACIÓN EXPEDIENTE E INVITACIÓN PAVIMENTACIÓN RUAS EN VEIGA DE NOSTRE, de data 21/05/2025.
77. ADXUDICACIÓN CONTRATO MENOR PAVIMENTACIÓN RÚAS EN VEIGA DE NOSTRE, de data 22/05/2025.
78. ALTA PADRÓN DE HABITANTES, de data 22/05/2025.
79. ALTA PADRÓN DE HABITANTES, de data 23/05/2025.
80. ALTA PADRÓN DE HABITANTES, de data 23/05/2025.
81. APROBACIÓN BASES SELECCIÓN PROGRAMA CONCILIACIÓN VERÁN 2025, de data 26/05/2025.
82. APROBACIÓN EXPEDIENTE E INVITACIÓN PARQUE DE CALISTENIA NO TERRÓN, de data 26/05/2025.
83. APROBACIÓN EXPEDIENTE E INVITACIÓN SUMINISTRACIÓN DE BANCOS, de data 27/05/2025.
84. APROBACIÓN PAGO FACTURAS E NÓMINAS MES DE MAIO, de data 29/05/2025.





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

85. LICENZA URBANISTICA OBRA MAIOR - DERRUBAMENTO EDIFICACIÓN EN SERVOI, de data 29/05/2025.
86. ADXUDICACIÓN CONTRATO MENOR SUMINISTRACION BANCOS, de data 30/05/2025.
87. ADXUDICACIÓN CONTRATO MENOR PARQUE DE CALISTENIA NO TERRÓN, de data 30/05/2025.
88. APROBACIÓN FACTURAS MES DE MAIO O.E. RODEIRA DA COTA, de data 30/05/2025.
89. APROBACIÓN PAGO DIETAS MES DE MAIO O.E. RODEIRA DA COTA, de data 30/05/2025.
90. APROBACIÓN PAGO NÓMINAS MES DE MAIO O.E. RODEIRA DA COTA, de data 30/05/2025.
91. APROBACIÓN BASES SELECCIÓN PERSOAL PROGRAMA CONCILIACIÓN VERÁN 2025, de data 30/05/2025.

Os presentes quedan enterados.

5º. MOCION DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE PARA SOLICITUDE DE FINANCIAMENTO A XUNTA DE GALICIA E AO GOBERNO DE ESPAÑA DOS SERVIZOS PUBLICOS DE COMPETENCIA NON MUNICIPAL.

Por Secretaría díuse lectura á seguinte moción:

"Vicente Gómez García en representación do grupo municipal do PSdeG PSOE de Castrelo Val no Concello de Castrelo do Val ao amparo do artigo 97.2 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de Novembro somete a consideración do pleno da corporación a seguinte:

MOCIÓN PARA SOLICITUDE DE FINANCIAMENTO Á XUNTA DE GALICIA E AO GOBERNO DE ESPAÑA DOS SERVIZOS PÚBLICOS DE COMPETENCIA NON MUNICIPAL.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Tras a entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local (LRSAL) o artigo 25.2 da LRBRL (Lei Regladora das Bases de Réxime local) xa non inclúe a prestación dos servizos sociais e de promoción e reinserción social entre as materias sobre as que os municipios exercerán competencias propias. No entanto, considerase materia de competencia propia municipal a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.

O Servizo de Axuda no Fogar foi un dos dereitos incluídos na lei de dependencia e foi concebido como un servizo de titularidade pública e de xestión municipal. O financiamento dese servizo foi contemplado a partes iguais entre a Administración Xeral do Estado e as Comunidades Autónomas, admitíndose un copagamento das persoas usuarias en función de renda e patrimonio.





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

Desde a implantación deste servizo os concellos galegos non deixaron de crecer en canto a número de persoas beneficiarias máis o financiamento continúa a demorarse. O concellos están a facer fronte a custes da ata 24 €/h cando a Xunta e o Estado só financiarán, para este 2024, 12€/h. Isto obriga aos concellos a consignar millóns de euros de fondos propios para financiar este servizo, en detrimento doutros servizos que sí lle son propios.

Capítulo aparte merecen os gastos que se ven obrigados a afrontar os Concellos galegos e sinaladamente os da Provincia de Ourense en Educación e Sanidade; unhas competencias que xa me dirán vostedes en que lles atañen. Pero efectivamente, en moitos casos os Concellos deben asumir o mantemento e limpeza dos Centros de Saúde que semella deberían depender da Consellería de Sanidade (por certo noutro xiro de guión, unos teñen que afrontalo e outros non). E tamén deben afrontar os gastos de mantemento, consumos e servizo de conserxería dos Centros Escolares de Infantil e Primaria, non así curiosamente os do Institutos, Centros de Formación Profesional ou Universidades. Por certo, isto independentemente de que o Centro reciba alumnos do Concello onde está implantado o Centro Educativo físicamente ou de outros Concellos limítrofes. Isto supón novamente dependendo da entidade do Centro e das súas necesidades centos de miles de euros que os Concellos asumen en competencias que lle son alleas e que lóxicamente minoran os fondos para aquelas que sí llo son, e que xa de por sí coa realidade da dispersión poboacional e o avellentamento, estarían infradotadas economicamente nunha situación na que non tiveran que estar a cubrir competencias impropias.

Esta situación lamentable a nivel galego é aínda máis palpable nunha provincia como a nosa, onde os Concellos en xeral son pequenos, con innumerables núcleos aos que atender e como xa temos comentado en outras ocasións onde a propia Deputación ten problemas de financiamento para soste as múltiples demandas de Concellos e Entidades.

Cabe por último recordar que xa no ano 2006, co acordo de todas as forzas políticas representadas na FEGAMP e por ende dos Concellos, acadouse o chamado PACTO LOCAL, que recollía en boa medida a resolución de boa parte dos feitos anteriormente relatados (outros, especialmente no que se refire a Servizos Sociais foron xurdindo ao longo dos anos transcorridos), sen que ata o de agora se asumira por parte da Xunta de Galiza os compromisos daquela asinados. Semella pois que antes incluso de reclamar una xusta mellora no Fondo de Cooperación Local dependente da Xunta e no importe e sistema de reparto ás entidades locais de fondos recadados por parte do Estado Español (o que sen dúbida tamén é preciso), debe afrontarse con carácter inmediato o financiamento (e incluso a xestión) daquelas competencias que lle correspondan á Xunta de Galiza e estean sendo asumidas polos Concellos de conformidade co establecido no artigo 36 da LRBRL, que establece que as Deputacións Provinciais teñen entre as súas atribucións a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas nese ámbito. Así como tamén a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

En canto á financiación do SAF de libre concurrencia financiada pola Deputación de Ourense por un importe de 9.067,62 € tamén o consideramos insuficiente, polo que solicitamos que a Deputación incremente esa partida orzamentaria.





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

Por todo o anterior, o grupo municipal do PSdeG PSOE de Castrelo do Val propón ó pleno adoptar os seguintes acordos:

ACORDOS

- 1. Solicitar a Xunta de Galiza e a Administración Xeral do Estado o financiamento integro de servizos como o SAF, que segundo a lei son servizos de competencia non municipal e que só poden estar xestionados delegadamente atendendo a un principio de equilibrio financeiro.*
- 2. Solicitar á Xunta de Galiza que como Administración competente tanto no eido sanitario como no educativo, se faga cargo dos gastos que na actualidade están a soportar os Concellos da Provincia de Ourense nestes dous Servizos Públicos esenciais.*
- 3. Trasladar estes acordos á FEGAMP ó Ministerio de Derechos Sociales, Consellería de Política Social, Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e Consellería de Sanidade. Así como á Presidencia da Xunta de Galiza e do Goberno do Estado de España.*

En Castrelo do Val, a 2 de xuño de 2025. Asdo. Vicente Gómez García"

A continuación abríuse un turno de intervencións no que se produciros as seguintes:

Da Sra. Manso Rodríguez (**PP**):

Pensamos que se o Estado non manda fondos á Xunta de Galicia, lóxicamente ésta dificilmente pode aumentar ás súas transferencias aos concellos (sexa no SAF ou para outros servizos). Non se mostra contraria a apoiar esta moción, pero sempre que o Grupo do PSdeG-PSOE apoie tamén a moción do Grupo Popular do seguinte punto da Orde do Día.

Do Sr. **Alcalde**, que dí que a porcentaxe de financiamento do custo da hora de prestación do SAF, tanto segundo os datos que da o Estado como segundo os que da a Xunta: non é verdade. Se iso fose certo, os concellos pagarían pouco máis dun euro/hora, cando a realidade é que os concellos cofinancian, de media, un 30% do custo deste servizo, o que é un disparate.

Non é verdade nin o que a Xunta dí que financia, nin o que o Estado dí que financia; cousa que quedou obxectivamente demostrada coa enquisa que fixo a FEGAMP e á que respostamos 210 concellos de toda Galicia.

A Xunta ten que atopar o xeito de reclamarlle maior financiación ao Estado. Porque ademais - continúa- con esta infrafinanciación do SAF ningún concello vai solicitar nin unha soa hora máis de prestación do servizo, porque é ruinoso.

A Sra. Manso Rodríguez (**PP**) dí que o problema foi que cando hai vinte anos se aprobou a Lei de Dependencia, o Estado nunca achegou a porcentaxe de financiación que tiña que ter posto desde o primeiro momento.

Rematou o Sr **Alcalde** decindo que a FEGAMP sí lle reclama aumento de financiación ao Estado e a Xunta. Así que pide aos concelleiros do Grupo Popular que asuman e apoiem esta moción; que retiren a do seguinte punto da Orde do Día e o seu Grupo apoiará a do punto sétimo, relativa á estación de tren de A Gudiña.





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

En definitiva. A moción pasa a ser conxunta; o Grupo Popular retira a do seguinte punto da Orde do Día e o Grupo Socialista apoiará a Moción do PP sobre a estación de tren de A Gudiña.

Tralo que o Pleno, por **unanimidade** dos sete membros que legalmente o forman (5 PSdeG-PSOE e 2 PP), **ACORDA:**

PRIMEIRO. Solicitar a Xunta de Galiza e a Administración Xeral do Estado o financiamento integro de servizos como o SAF, que segundo a lei son servizos de competencia non municipal e que só poden estar xestionados delegadamente atendendo a un principio de equilibrio financeiro.

SEGUNDO. Solicitar á Xunta de Galiza que como Administración competente tanto no eido sanitario como no educativo, se faga cargo dos gastos que na actualidade están a soportar os Concellos da Provincia de Ourense nestes dous Servizos Públicos esenciais.

TERCEIRO. Trasladar estes acordos á FEGAMP ó Ministerio de Derechos Sociales, Consellería de Política Social, Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e Consellería de Sanidade; así como á Presidencia da Xunta de Galiza e do Goberno do Estado de España.

6º. MOCION DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE O FINANCIAMENTO DO SISTEMA DE ATENCION A DEPENDENCIA.

En virtude do acordo acadado no anterior punto da Orde do Día, esta moción retírase polo Grupo Popular, polo que non é debatida nen votada.

7º. MOCION DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE DEMANDA AO GOBERNO DE ESPAÑA, ADIF E RENFE EN RELACION A ESTACION "A GUDIÑA, PORTA DE GALICIA"

Por parte de Dna. Carmen Monso Rodríguez, Voceira do **Grupo Municipal Popular**, díuse lectura á parte dispositiva da seguinte Moción:

"O Grupo Municipal Popular de Castrelo do Val conforme ao previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, eleva ao Pleno a seguinte MOCIÓN RELATIVA A DEMANDA AO GOBERNO DE ESPAÑA, ADIF E RENFE EN RELACIÓN A ESTACIÓN "A GUDIÑA, PORTA DE GALICIA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O pasado 12 de maio o Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible anunciou que melloraría os tempos de viaxe e aumentaría o número de prazas dispoñibles no corredor ferroviario de alta velocidade Galicia-Madrid para viaxar a partir do 9 de xuño, data na que Renfe poñería en marcha unha nova oferta con máis trens da serie 106 en circulación, en substitución dos tradicionais Alvia.





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

O certo é que non todas as estacións deste Corredor verán mellorados os seus servizos, pola contra, hai algunhas que se ven moi prexudicadas como a ourensá de “A Gudiña-Porta de Galicia”. Vexamos:

Sentido Madrid Chamartín “Clara Campoamor”

Na actualidade hai catro trens que recollen viaxeiros e saen da Gudiña con destino a Madrid. Un AVLO das 8.28, un Alvia das 13.44, un Alvia das 9.14 e unha AVE das 19.27. A partir do 9 de xuño só sairán tres trens: un AVLO ás 12.08, un Alvia ás 13.42 e un AVLO ás 17.45.

Con estes cambios pérdese o primeiro servizo matinal que permitía chegar a Madrid ás 10.34 horas e aproveitar boa parte da mañá na capital. A partir do 9 de xuño os viaxeiros que monten na Gudiña non chegasen a Madrid antes das 14.08, sendo imposible aproveitar a mañá para realizar xestións. E se quixesen regresar o mesmo día só terían catro horas hábiles na capital, xa que ás 18.06 sae o último tren de volta para A Gudiña.

Sentido A Gudiña-Porta de Galicia

Na actualidade hai cinco trens que saen de Madrid e paran na Gudiña. Son os das 6.15, 13.15, 17.08, 18.25 e 19.17.

A partir do 9 de xuño só sairán tres trens de Madrid con parada na Gudiña: un AVLO ás 8.25, un Alvia ás 13.20 e un AVLO ás 18.06. Pérdense dous servizos.

Sinalar que a estación “Porta de Galicia” atende a demanda demais dos veciños desta localidade, dos habitantes das comarcas de Monterrei, Viana e Valdeorras e da área do distrito de Tras-Vos-Montes próxima a Chaves e o de Vila Real. Tamén é moi utilizada por peregrinos da Vía da Prata que chegan aquí e inician nesa localidade o camiño de Santiago.

Destacar tamén que o número de usuarios desta estación non parou de crecer desde a súa inauguración en decembro de 2021, pois xa foron por 107.400 viaxeiros os que subiron ou baixaron nesta terminal, deles 38.600 no pasado ano 2024.

Os usuarios do ferrocarril desta estación séntense moi prexudicados por estes horarios e é por iso polo que demandamos no seu nome unha pronta rectificación.

Os monumentais investimentos realizados con cargo ao erario público para construír a LAV a Galicia deben servir con racionalidade e solidariedade para que todos os usuarios das estacións de alta velocidade do seu percorrido vexan satisfeitas as súas necesidades de mobilidade.

O Goberno e RENFE deben rectificar estas inxustas decisións, decisións que se tomaron por presións de certo alcalde de gran cidade que o que fan é desprezar os habitantes do interior de Galicia, xa que para gañar entre 10 e 20 minutos de viaxe maltratan a Ourense en xeral e a estación de A Gudiña en particular, debéndose repoñer paradas na Gudiña e uns horarios razoables para os usuarios. En virtude de todo o exposto, o Grupo Provincial Popular propón ao pleno os seguintes asuntos.

Do mesmo xeito na estación de A Gudiña nunca se puideron acceder os descontos de trens de media distancia coma nas outras estacións por motivos que RENFE nunca aclarou, facendo que o coste de o billete sexa moi superior as outras estacións causándolle os usuarios de este servizo que viven no rural e este é o seu medio de transporte publico para ir





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

o medico ou a realizar xestións na capitalidade provincial ou nacional un sobrecusto que non é xusto respecto a outros usuarios, descontos que se aplican en traxectos coma Ourense- A Coruña por exemplo.

Ademais a estación de A Gudiña-Porta de Galicia presenta un gran desleixo por parte do goberno central e do ADIF ao non querer dotar de ascensores a devandita estación facendo que os usuarios con discapacidade teñan que usar unha rampla de aproximadamente 100 metros de lonxitude.

Nunha estación de máis de 4 millóns de euros e cun gran movemento de viaxeiros coma xa foi detallado o aforro de 80.000 € non e motivo para non dotar dunha infraestrutura xa demandada dende os colectivos coma Cogami, Once, e Cocemfe, ascensor que xa foi proxectado e quedou o oco, oco onde hoxe en día existe un xardín e que fai que entre frío cara a sala de espera o estar descuberto.

*En virtude de todo o exposto, o Grupo Municipal Popular propón ao pleno a adopción dos seguintes **ACORDOS**:*

1º. Reclamar ao goberno de España e a Renfe que manteña todos os servicios e número de paradas de tren como na actualidade e as potencie.

2º. Reclamar ao goberno de España e a Renfe que aplique todos os descontos como os que se aplican noutras estacións de alta velocidade.

3º. Reclamar ao goberno de España e a ADIF que doten de ascensores a estación de A Gudiña como nas outras estacións de alta velocidade".

Tralo que o Pleno, por **unanimidade** dos sete membros que legalmente o forman (5 PSdeG-PSOE e 2 PP), **ACORDA**:

PRIMEIRO. Reclamar ao goberno de España e a Renfe que manteña todos os servicios e número de paradas de tren como na actualidade e as potencie.

SEGUNDO. Reclamar ao goberno de España e a Renfe que aplique todos os descontos como os que se aplican noutras estacións de alta velocidade.

TERCEIRO. Reclamar ao goberno de España e a ADIF que doten de ascensores a estación de A Gudiña como nas outras estacións de alta velocidade

Antes de pasar ao turno de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde pregunta se algún concelleiro ou grupo, por razóns de urxencia, desexa o tratamento dalgún asunto non incluído na orde do día que non teña cabida no turno de rogos e preguntas.

Ningún concelleiro fai uso desta facultade.

8º. ROGOS E PREGUNTAS.

O Sr. alcalde iniciou o tratamento deste punto da orde do día, decíndolle ao Sr. Fernández





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

Parada (**PP**) que o problema dun rego do pobo de San Paio do que falou no último pleno ordinario, díxollo ao encargado de obras para que vira de solucionalo.

O Sr. Fernández Parada (**PP**) respostou que, desgraciadamente, non se areglou e coa forte chuvía de hai uns días entroulle toda a auga cara a súa propiedade.

O Sr. alcalde queda enterado a dí que se encargará de que se soluione o problema.

A continuación, formuláronse os seguintes:

Da Sra. Manso Rodríguez (**PP**):

- Sr. Alcalde: ¿Sería posible falar coa guardesa da Confederación ou coa empresa encargada da limpeza do cauce do río para axilizar a limpeza do río en Castrelo?

O Sr. Alcalde resposta que ao parecer non van comenar coa limpeza ata mediados deste mes de xuño, pois andan retirando troncos do cauce. Que por esa tardanza, foi o propio concello quen tivo que retirar algún, por exemplo na ponte das Batocas; que hai tres semanas que se lle teñen preparado os planos cós lugares que hai que limpar. Como mañá é venres e ven a guardesa, aproveitará para recordarllo e pedirilles que o fagan coa maior urxencia.

A Sra. Manso Rodríguez (**PP**) dí que o estado do tramo urbano do río por Castrelo ofende do mal que está.

O Sr. Alcalde resposta que é unha desgracia a Confederación: nin cortan a maleza nin a deixan cortar. Lembra que hai uns anos cando todos os alcaldes de concellos ourensanos da conca do Támega foron a Valladolid dixéronnos que a Confederación é un organismo de policía, non de inversión, cousa totalmente falsa vendo as millonarias inversión en concellos ubicados en Castilla-León.

E ó non ser outro o obxecto deste acto, remata a sesión estendéndose esta acta, que o Sr. Presidente asina conmigo, o secretario, que dou fe.

O Presidente

O Secretario

